



Referencia: 292/2023

Data: 12 de maio de 2023

Asunto: NOTIFICACION SECRETARIO CMD CR - FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS G15109267

Destinatario: FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS

NOTIFICACIÓN

Por medio do presente escrito notifícolle para o seu coñecemento que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense, na sesión ordinaria que tivo lugar o 11/05/2023, tomou, entre outros, o acordo que de seguido se reproduce na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

8.- Aprobación, se procede, de concesión subvención á Federación Galega de Judo e D.A, para a organización do “Campionato de Galicia Absoluto de Jiu-Jitsu” (LIÑA 1/ANO 2023). (Exp. 292/2023)

***Primeiro.-** Aprobar a concesión dunha subvención polo importe de 3.180,00 € á Federación Galega de Judo e D.A., con CIF G-15109267, ao abeiro da convocatoria de subvencións en materia deportiva do ano 2023 do CMD -liña 1- (BOP núm. 76 do 01.04.2023), para a organización do “Campionato de Galicia Absoluto de Jiu-Jitsu”, con cargo á aplicación 3410-48010 dos orzamentos do Consello Municipal de Deportes vixentes.*

***Segundo.-** Notificarlle o presente acordo á entidade solicitante.*

RÉXIME DE RECURSOS.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

